# DELETREA E GOL!

Como actividade de **lectoescritura** desta semana, plantexámosvos o xogo "Deletrea e gol" e presentámosvos unha serie de actividades a realizar en relación ao xogo. Con elas pretendemos que os nenos e nenas reforcen os contidos e capacidades adquiridas durante o curso en relación á linguaxe oral e escrita, coa vosa axuda.

Previamente teredes que preparar o material necesario para o xogo, que sería o seguinte:

- Campo de fútbol: collede un cartón de tamaño a3 aproximadamente (2 folios xuntos), pintádeo de verde e debuxádelle as liñas brancas.
- Portería: para facela collede unha caixa a facédelle o burato, por onte teredes que marcar gol. Podedes decorala como máis vos guste.
- Balóns: Collede tapóns e escribídelle unha letra a cada un. Os formiguiñas e os pitiños en maiúscula e as baleas en minúscula e tamén se poden animar a facelo con sílabas.







# ACTIVIDADES

A continuación presentámosvos a secuencia de actividades a realizar:

1. O neno ou nena debe **escribir** nun papel, coa vosa axuda, a palabra que queira (as baleas, coma sempre, en minúscula).
2. **Buscar** todos os balóns coas letras desa palabra e colocalos, por orde, na beira do campo de fútbol contraria á portería.
3. Chutar cada balón por orde para intentar que entre na portería e apuntar cantos goles consigue meter cada xogador
4. Cos balóns que non entren na portería no primeiro intento, teredes que facer o seguinte:

   FORMIGUIÑAS: Buscar e escribir unha palabra que empece por esa letra..

   PITIÑOS: Buscar e escribir unha palabra que empece por esa letra e dicir unha frase con ela..

   BALEAS: Buscar e escribir unha palabra que empece por esa letra ou sílaba e dicir e escribir unha frase con ela.



Moita sorte e gracias!

